




# Conto de Nadal

Pedro sorriu en canto os pés deixaron o paseo para enterrarse na area húmida. Agora apenas notaba o peso da rede sobre os ombreiros; a ilusión do que podería pescar afastaba calquera incomodidade. Miraba o mar aínda revolto tras o temporal da noite anterior e sabía que a rede non estaría preguizosa moito máis tempo: de camiño había procurar algún peixe para o xantar. E con este pensamento foise achegando á beiramar en busca da súa dorna, abrindo coas súas pegadas un vieiro entre os argazos que a marea deitara na praia.

De súpeto, oíu un alentar pesado, coma o dunha besta durmida. Dubidou se fora cousa do seu maxín, mais logo, cando volveu escoitar aquel son, sentiu que se lle encrespaban os cabelos da caluga. Con

todo, dominando o calafrío que o percorreu, púxose ao axexo un intre e despois apertou o paso en dirección á ourela. Dous minutos máis tarde deu co náufrago.

Tiña o aspecto descoidado, sucio e agoniante que correspondía a un verdadeiro fuxitivo da boca famenta do mar. Pedro endexamais imaxinara unha persoa cuberta daquel xeito polas algas. Cando se achegou, o olor salgado das profundidades bateulle no nariz; o fedor era tan forte que mesmo lle viñeron ganas de trousar. Porén, puido máis o dó, tivo máis forza có noxo que lle inspiraba o home. Así, Pedro axeonllouse e axudouno a desfacerse da auga que tragara, xunto con algunhas cunchiñas que traía atravesadas na gorxa.



**Foise achegando á beiramar  
en busca da súa dorna, abrindo  
coas súas pegadas un vieiro entre os  
argazos  
que a marea deitara na praia.**


O náufrago formara un gran charco no lugar onde se atopaba por mor do líquido que escorrera das súas roupas. Mais o que esvaraban agora pola cara do descoñecido eran bágoas que Pedro tentaba atallar ao tempo que o consolaba dicíndolle que estivese tranquilo, que xa non ía afogar. No entanto, o infeliz saloucaba que oxalá se encontrase mergullado no máis profundo das ondas revoltas do mar da madrugada. Pero o que máis estrañou a Pedro foi que o home que rescatara case lle suplicou que non dixese que o vira.

Axudouno. Pedro prometeulle que non había contar a ningún que o vira; prometeuno porque a meniña de peixe morto do descoñecido lle producía un

certo receo. Mais axiña esquecería o motivo que o obrigara a tomar aquela decisión. O primeiro que fixo foi erguer o home e levalo case a rastro camiño da casa, esquecendo rede e pesca. Non o fixo de boa gana, disposto como estaba había un anaco a coller algúns peixes.




**Tiña o aspecto descoidado, sucio e agoniante que correspondía a un verdadeiro fuxitivo da boca famenta do mar. Pedro endexamais imaxinara unha persoa cuberta daquel xeito polas algas.**



Aos poucos, deixaron atrás a praia co ceo aínda escuro. E entraron na vila, onde a luz dos vellos farois daba unha impresión morriñenta ás casas pintadas de cal. Como era Nadal, moita xente estaba xa en pé. Non parecía que fosen as seis da mañá. O vento aínda zoaba entre as árbores e as persoas marchaban apresuradas cara aos seus asuntos. A Pedro non lle agradou ver os outros pescadores tomar a parva no bar da confraría. E fíxose o xordo cando o centenario Herminio lle preguntou desde a porta do local de onde viña tan cedo.

Termando do náufrago, Pedro ascendeu sen dar chío polo vieiro empedrado que decorría preto da igrexa, a pesar de que dúas mulleres deixaran un momento a súa conversa para observar o seu traballosos andar. Mesmo cando se achegou á panadería para recoller a bola que encargara, incluso no momento no que Marta lle preguntara qué facía enchoupado daquel xeito coa viruxe que ía, Pedro permaneceu en silencio.






**O primeiro que fixo foi erguer o home e levalo case a rastro camiño da casa, esquecendo rede e pesca.**

Xa na súa casa, correu con inquietude as cortinas, temeroso de que algún veciño pasara por diante das ventás e puidese ver a clase de pesca que fixera de mañanciña. Por descontado, Pedro xa non sentiu mágoa cando acomodou o descoñecido no único leito que posuía; a continuación, tirou a roupa mollada do lombo e acochouse no sofá baixo unha manta. O vello pescador aínda notou como o estómago lle daba unha volta cando o estraño lle deu as boas noites desde a habitación, non sen antes advertirle de novo que non debía dicir a ninguén que o encontrara exsangüe nese contrariado amencer.

A luz do mediodía despertou a Pedro; a fame que sentía non foi quen de facerlle esquecer que si, que dera con alguén case morto na ourela. Alguén que recollera e que estaba a durmir na súa propia cama. Alguén verbo do cal non tiña que falar para nada con ninguén. Pedro ergueuse pero non o chamou; foi ata a cociña e comeu un anaco da bola que comprara aquela mañá. Cando rematou, preparouse e saíu en dirección ao bar de Eduardo, como tiña por costume cando a marusía non o deixaba achegarse ata os cons en busca de percebes.



**Pedro xa non sentiu mágoa cando acomodou o descoñecido no único leito que posuía; a continuación, tñrou a roupa mollada do lombo e acochouse no sofá baixo unha manta.**



O maino rebulir do orballo e o nordés acompañaron o vello pescador no seu pausado andar pola rúa que levaba á igrexa, xusto en fronte do final do paseo dos carballos. Eduardo viuuno aproximarse e aprestouse a preguntarlle polo feito de velo vir a súa dona de madrugada cargado cun fardo, algo que deixaba un rastro de humidade no asfalto da rúa. Púxolle un café con leite non ben Pedro deu os bos días e entrou a porta a propósito. No local non había ninguén máis ca eles dous.

- Que qué facías con aquel vulto ás costas, Pedro.

Pedro calaba.

- Que nos coñecemos desde cativos, Pedro. Que sei que es honrado; dígocho polo teu ben: non che convén recoller todo o que o mar bota na túa rede...

Pedro fitouno sen pestanexar. Entendía todo canto estaba a pasar pola cabeza de Eduardo. Non, el non era un contrabandista. O seu negocio era o peixe e nunca coñecera nin desexara outro. De boa gana había dicirlle a Eduardo o que acontecera... mais fixera unha promesa. Bebeu un grollo.



- Veña, home. ¿E logo, non te fías de min?

Pedro non o podía escoitar máis sen traizoarse. Baleirou a cunca e doulle as costas a Eduardo para saír do bar. Os nenos que xogaban baixo as arcadas vírono acercarse e durante un instante non se oíron os seus risos e berros. Estaban sorprendidos ao ver o mutismo do señor Pedro, outrora tan falanguero.

O vello pescador percorreu devagar as calellas. Matinaba que a cousa fora demasiado lonxe e que tiña que espertar o seu convidado para dicirlle que marchara por onde viñera. Pero cando chegou á casa berrando: Náufrago, náufrago, ninguén contestou. Pedro volveu notar aquel aire de cousa rara, irracional e turbadora que o movera a traer un estraño á casa; xusto ao entrar na habitación e atopar só sal húmido, algas podres e buguinas enriba das sabas.

Non obstante, o pescador sentiu algún alivio ao reparar en que non falara con ninguén e para nada verbo daquel pobre aparecido. Pensou que regresaría axiña e permaneceu na casa durante todo o día, desexando a súa presenza en calquera instante.

Non volveu nin aquel día nin o seguinte. Desesperado e próximo á loucura, Pedro dirixiuse ao terceiro día daquela árida espera onde Eduardo coa escusa doutro café. Polo camiño, encontrouse cos pícaros que xogaban o día de Nadal baixo as arcadas. Detívose e aproveitou a ocasión para preguntarlles polo estraño. Eles miráronse uns aos outros ao tempo que respondían á vez que qué estraño. Ao ver que Pedro acoraba e permanecía en silencio, un deles bateu as mans mentres berraba: Inocente, inocente. Os outros cativos imitárono, ledos ao crer descuberta a verdadeira intención do vello pescador, namentres que Pedro se afastaba deles rúa abaixo, perseguido polos risos infantís.

Cando entrou no bar e fixo a mesma pregunta que suxerira aos nenos, Eduardo, indolente, díxolle que non sabía do que lle estaba a falar.

Íase o serán cando Pedro deu co bo do Herminio no peirao, mirando ao lonxe, albiscando o horizonte. Convidouno a xogar ao dominó.

Mais cando Pedro o tivo en fronte e o ancián ollou para el con aquela inocente curiosidade, non se atreveu a preguntarlle nada a Herminio, nin Herminio nada a Pedro.





**Os nenos que xogaban baixo as arcadas  
vírono acercarse e durante un instante non se  
oíron os seus risos e berros.**

